



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº9/2017, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O 12 DE DECEMBRO DE 2017.

### ASISTENTES

#### **Presidente**

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis (PP)

#### **Concelleiros/as**

##### **Grupo municipal do PP**

DUARTE GERPE, Florinda  
RAMIL VARELA, Margarita  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

##### **Grupo municipal do PsdeG-PSOE**

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

##### **Grupo municipal mixto**

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### **Secretario do Concello**

Diego García Doval

### NON ASISTEN

BLANCO FIDALGO, Patricia (PSdeG-PSOE)

#### **Interventora do Concello**

Noemí González Mato


**HORA DE INICIO:** 12:07


**HORA DE REMATE:** 12:42

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:07 horas do 19 de decembro de 2017, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 14 de decembro de 2017, e logo de ver a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, reúnense na sesión 9/2017, de carácter extraordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

### **ORDE DO DÍA**

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior (sesión 8/2017, ordinaria, do 30 de novembro de 2017)
- 2.-Proposta de aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Carral e a Unión Deportiva Carral.





# Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

**3.-Proposta de designación das persoas componentes da comisión para a demarcación, deslinde e amolloamento do termo municipal de Carballo.**

**4.-Proposta de participación do Concello de Carballo no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018", da Deputación Provincial da Coruña.**

## 1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (SESIÓN 8/2017, ORDINARIA, DO 30 DE NOVEMBRO DE 2017)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algúna observación á acta da sesión nº 8/2017, ordinaria, do 30 de novembro de 2017 .


O señor Bergondo Trillo (Grupo municipal mixto/ ACC-SON) indícale ao señor Alcalde que vai ter que ampliar o salón de sesións pola cantidade de público que hai. Desexa facer unha observación á acta, en cuxo último parágrafo se di "O señor Alcalde chama á orde por segunda vez ao señor Couto López por falar sen estar no uso da palabra, pídale que sexa serio.". Indica que el tamén lle pide ao señor Alcalde que sexa serio coma presidente do Pleno, pois o deste Concello se rexe polo ROF, no que, segundo indica, non hai ningún artigo que por chamar á orde a un concelleiro permita levantar a sesión. Manifesta que o artigo 95.2 do ROF establece que "Tras tres llamadas al orden en la misma sesión, con advertencia en la segunda de las consecuencias de una tercera llamada, el Presidente podrá ordenarle que abandone el local en que se esté celebrando la reunión, adoptando las medidas que considere oportunas para hacer efectiva la expulsión.". Indica que non houbo ningunha chamada á orde na segunda chamada á orde, co cal non aconteceu nada. Opina que o señor Alcalde, se consideraba que o señor Couto estaba facendo algo malo, debería telo expulsado, e non "anular" o Pleno. Por iso, considera que o señor Alcalde cometeu unha irregularidade en canto ao regulamento orgánico que nos rexe, que é o ROF, e non o ROM, que, na súa opinión, debería rexir dende hai máis de dous anos e medio que se está a agardar pola xuntanza que o señor Alcalde promete en cada pleno, e pide que se recollan estas observacións na acta. O señor Alcalde resposta que é competencia do secretario levantar a acta e recoller sucintamente ou ao pé da letra o que aconteceu na sesión e pregúntalle se vai facer constar a observación, ao que este resposta afirmativamente.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) indica que está de acordo co manifestado e considera que, a diferenza do que se fai constar no último parágrafo da acta, a súa actitude non foi de mala educación, e observa que non se fai constar na acta que a súa actitude se debía a que non se estaba a contestar ás preguntas que estaba facendo, senón que, por decilo dalgún xeito, o señor Alcalde se tentaba ir "polos cerros de Úbeda e terxiversar a realidade", e que por iso o interrumpía para que contestase.

O señor secretario manifiesta que, na súa opinión, as observacións non son á acta, senón puntualizacións respecto ao acontecido, e que non sabe se a acta ten algo incorrecto, pois non pode coñecer a intención do señor Couto. O señor Couto López replica que dixo de palabra que "non me está contestando usted á miña pregunta", mais o secretario lémbraelle que non estaba no uso da palabra e que, por tanto, non pode recoller o que di fóra do uso da palabra, pois sería parecido a ter que recoller o que di alguén no público, e a acta non é un diario de sesións.

Logo de realizarse tales observacións, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros do grupo municipal do PP, e con cinco abstencións (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PsdeG-PSOE presentes na sesión, e do señor concelleiro do grupo municipal mixto).





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 2.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CARRAL E A UNIÓN DEPORTIVA CARRAL.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 30 de novembro de 2017, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Sinatura dun convenio de colaboración coa Unión Deportiva Carral (G-15128671),**

Vistos o informe do técnico deportivo e a proposta do concelleiro responsable da área de deportes en relación a proposta da sinatura dun convenio de colaboración coa Unión Deportiva Carral e,

-Logo de valorar a colaboración que se ven producindo dende hai varios anos entre o Concello de Carral e a Unión Deportiva Carral, en asuntos como o fomento e promoción do deporte (máis concretamente do fútbol en idade escolar e feminino). E que ademais este colaboración está a ser moi más intensa no último ano por mor da creación de novos equipos en categorías base e en fútbol feminino, así como na organización e colaboración co Concello en diferentes campionatos, torneos, campus e outros eventos deportivos relacionadas co fútbol para os nenos e nenas da localidade.

-Logo de valorar os números que arroxa a U.D. Carral, tanto en número deportistas (máis de 160 fichas federativas nesta tempada 17/18) e na constancia na súa actividade deportiva ao longo da tempada, como á gran masa social que abarca esta entidade (con máis de 270 socios), e polo tanto a repercusión tanto social como deportiva que este club ten na poboación carralesa, sendo maior que ningunha outra asociación/club deportivo da localidade.

-Tendo en conta que esta colaboración estase a incrementar ano tras ano e prevemos que sexa áinda maior nos vindeiros anos, e que dende o Departamento Municipal de Deportes carecemos dos medios suficientes para abrancar a especialización en tódalas modalidades deportivas e moi especialmente no caso do fútbol no que, debido ao alto número de participantes, é moi complicado manter/xestionar unhas escolas deportivas de fútbol base que ano tras ano están a medrar en número de participantes ao mesmo tempo que se continúan coas labores e servicios propios deste Departamento, que tamén medran ano tras ano.

-Son consciente de que para garantir a calidade e o axeitado desenvolvemento da promoción e fomento do deporte en idade escolar, é preciso un importante aporte económico. Máis se temos en conta que as escolas deportivas de fútbol deste club son ás más numerosas das entidades da localidade.

-E logo de valorar as consideracións legais ao respecto.

#### PROPOÑO PLENO:

A sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Unión Deportiva Carral (que xunto a esta proposta) que será garante dos axiomas expostos anteriormente, e no que se recollen como principais liñas de actuación as seguintes:


-A promoción do deporte, en especial o deporte en idade escolar e do deporte feminino, con especial importancia na participación en competicións federadas.


-Organización de eventos/torneos de carácter local,

-Comprométese a velar por unha formación na especialidade deportiva, do persoal vincellado ao club con funcións de ensino e adestramento.

-Manter reunións co Concello para o estudo e mellora da situación do fútbol en xeral e a súa base no termo municipal. "

"





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CARRAL e a UNIÓN DEPORTIVA CARRAL

Na Casa do Concello de Carballo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

### **REUNIDOS:**

Dunha parte, D. José Luís Fernández Mouraño, Alcalde-Presidente do excelentísimo Concello de Carballo, en representación legal que do mesmo lle confire o art. 21.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local.

Da outra, D. José Manuel Gómez Arcay, con DNI 32.780.109-A, Presidente da Unión Deportiva Carballo, co CIF G-15128671, e sede na rúa Alto do Castro, s/n, 15175, Carballo (A Coruña), e actuando en nome e representación da mesma

### **EXPOÑEN:**

1.-O Concello de Carballo ten atribuídas as competencias na promoción, fomento e difusión do deporte Sobre todo na idade escolar, conforme se estipula no artigo 8.1 da lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia.

2.-O Concello de Carballo carece de persoal suficiente e os medios precisos para abrancar coas súas propias posibilidades a especialización en tódalas modalidades deportivas e a totalidade da poboación.

3.-A Unión Deportiva Carballo reflexa nos artigos 1º e 2º dos seus estatutos como obxecto principal da entidade a práctica da actividade física e deportiva (en concreto o fútbol) e a súa participación en actividades e competicións oficiais, sen ánimo de lucro.

4.-Na lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia, no artigo 40.1, recóllese como obxecto principal de calquera entidade deportiva o fomento e o impulso da práctica continuada, dunha ou varias modalidades deportivas.

5.-O artigo 40.2 da lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia establece: " A administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei."

6.-Ante estes feitos, este Concello, a proposta da Concellería de Xuventude e Deportes, considera precisa a formalización dun convenio de colaboración e patrocinio deportivo, para que mediante a coordinación dos recursos e esforzos das partes asinantes se promova a práctica do fútbol entre a nosa veciñanza, especialmente no rango de idade escolar.

Sobre a base do exposto, e en uso da súa capacidade, ambas partes acordan asinar un convenio de colaboración conforme ás seguintes;

### **CLÁUSULAS:**


#### **PRIMEIRA.- COMPROMISOS DA UNIÓN DEPORTIVA CARRAL**

1.-Participar nas competicións organizadas pola Federación Galega de Fútbol en tódalas súas categorías.

2.-Estar inscritos no Rexistro de Asociacións do Termo Municipal de Carballo (BOP 18- 23.01.13)

3.-Manter reunións co Concello para o estudo e mellora da situación do fútbol en xeral e a súa base no termo municipal. Estas reunións estableceranse a petición do Concello de Carballo e en datas a acordar entre





# Moi Leal e Excellentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 J

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

as dúas entidades.

4.-Facilitar asesoramento técnico e colaboración co Concello na posible organización de eventos deportivos vencellados co fútbol.

5.-Realizar toda a súa publicidade (eventos, actividades, etc) e comunicacóns oficiais en lingua galega.

6.-De ser preciso, colaborar co Concello, con persoal voluntario (alo menos 5 persoas), nunha (1) das probas deportivas de carácter xeral (carreiras populares, marchas ciclistas, etc), organizados dende a Concellería de Deportes ao longo do ano. Esta colaboración establecerase de mutuo acordo a principios da tempada.

7.-Estampar o escudo e nome do Concello de Carballo nunha das mangas das camisolas ou nunha perneira do pantalón do equipamento de competición de tódalas categorías do club. O tamaño do escudo non será nunca inferior a 10x10 cm. A impresión desta publicidade farase gradualmente segundo se vaian renovado vestimenta do club, de xeito que nun prazo máximo de 3 anos en todo o equipamento deportivo apareza o escudo do Concello de Carballo.

8.-Dispoñer unha valla publicitaria no campo do Castro para o Concello de Carballo.

9.-No relativo ás escolas de fútbol (deporte escolar):

a.-O club comprométese a inscribir nas competicións federativas a lo menos ás categorías dende biberón ata cadete, sempre e cando o número de rapaces e rapazas inscritos sexa suficiente para a viabilidade do equipo.

b.-Tramitar, no ámbito do deporte escolar, a ficha federativa de tódolos nenos e nenas interesados en inscribirse nas escolas de fútbol.

c.-Velar para que tódolos adestradores dos distintos equipos do club, estean en posesión da correspondente titulación oficial, cualificación ou certificacións que lles permita exercer as labores de ensino, dirección de equipo, adestramentos, etc., tal e como se recolle no artigo 72.1 da lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia.

d.-Velar para que o persoal que ten contacto con menores acredeite que non foi condenado en sentenza firme por algúm delito contra a liberdade e indemnidade sexual (segundo a lei 26/2015 en modificación da LO. 1/1996, artigo 12 da protección xurídica do menor).

e.-Nomear a lo menos un coordinador para as categorías inferiores que, ademais das funcións propias do seu posto, será o encargado na comunicación ao Concello dos horarios de adestramento, cambios de horas, etc.

f.-Comprométese a velar por unha formación continua na especialidade deportiva, do persoal vencellado ao club con funcións de ensino e adestramento.

1.-Promover o deporte feminino, fomentando a práctica en tódalas categorías.


11.-Organizar os eventos/torneos:


a.-TORNEO DE FÚTBOL DAS FESTAS DO SOCORRO. A UD Carballo organizará este torneo durante as festas patronais que se enmarcará na programación deportiva das festas. O concello aportará os trofeos de 1º e 2º clasificado, así como o de mellor xogador. O custo do arbitaxe e demás material preciso correrá a cargo do club.

b.-TORNEO DE VERÁN DE F7. A UD Carballo organizará este torneo durante o período estival en data e campo a concretar. O Concello aportará os trofeos de 1º, 2º e 3º, así como os de mellor xogador e porteiro. Aportará tamén o material propio para o desenrollo do torneo (porterías, vallas, etc.), correndo a cargo da UD Carballo os arbitraxes e outros materiais non inventariables.

c.-TORNEO DE FÚTBOL BASE. A UD Carballo organizará un torneo para as categorías en idade escolar, en data e lugar por concretar. O Concello aportará os trofeos e medallas precisas e outro material propio. A UD Carballo farase cargo do custo dos arbitraxe o outro material non inventariable.

d.-CAMPUS DE FÚTBOL DE VERÁN. A UD Carballo organizará un campus para as categorías en idade escolar, en data e lugar por concretar. O Concello material propio como porterías, vallas, etc. O





# Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

resto dos custos que se deriven deste evento, correrán a cargo da A UD Carballo.

e.-Calquera outro torneo/evento futbolístico que, de mutuo acordo, se decida levar a cabo no termo municipal.

12.-Na publicidade que a UD. Carballo realice para levar a cabo as actividades sinaladas nos apartados anteriores, deberá figurar nun lugar visible o escudo e o nome do Concello de Carballo.

13.-No relativo ao uso do campo municipal de fútbol "Borja Rodríguez Ans", a UD. Carballo deberá ocuparse do servicio de conserxería (abrir e pechar as portas das instalacións usadas, prender e apagar as luces, avisar nos caso de atopar ou causar desperfectos, etc.)

14.-Rematada a tempada deportiva, a UD. Carballo deberá presentar unha memoria deportiva e un balance económico das actividades recollidas no punto 12 deste documento.

## SEGUNDA - COMPROMISOS DO CONCELLO DE CARBALLO

1.-Ceder o uso, de xeito gratuito e regulamentado, das instalacións do campo municipal de fútbol "Borja Rodríguez Ans" (ata un máximo de 40 horas semanais), para as necesidades deportivas do club (adestramentos, partidos, etc.). O calendario de uso acordarase e solicitarase co Departamento Municipal de Deportes durante a pre-tempada e no momento de coñecer os calendarios competitivos. Calquera modificación deste calendario deberá ser notificado e acordado coa antelación suficiente ao citado departamento municipal.

2.-Ceder o uso, de xeito gratuito e regulamentado, dos pavillóns polideportivos municipais (por imposibilidade de uso do campo municipal de fútbol). Este punto estará supeditado á dispoñibilidade horaria e material destas instalacións.

3.-Ceder o uso, de xeito gratuito e regulamentado, de locais e/ou equipamento municipal para xuntanzas da vida social e estatutaria da entidade. Este punto estará supeditado á dispoñibilidade horaria e material destas instalacións.

4.-O Concello de Carballo prestará o asesoramento administrativo que precise a UD. Carballo.

5.-O Concello de Carballo concederá a cantidade de cinco mil euros (5.000,00 €) a UD. Carballo para fazer fronte aos gastos xerados pola participación dos seu equipo nas diversas competicións (material non inventariable, equipaxe deportiva, etc., así como para as actividades recollidas na cláusula primeira deste documento).

## TERCEIRA

De mutuo acordo poderanse introducir modificacións neste convenio e/ou denunciar o mesmo por calquera das partes con una antelación mínima de dous meses antes do remate de cada ano natural.

## CUARTA

O presente convenio de colaboración que aquí se subscribe terá validez para a tempada deportiva 2017/2018. Unha vez rematado este período, este convenio extinguirase, sen ser elo impedimento para a negociación e sinatura dun novo acordo entre as entidades de estar ambas de acordo.


## QUINTA

A recepción da cantidade económica sinalada suporá a renuncia a calquera outro tipo de axuda económica por parte do Concello.

## SEXTA

O pago da axuda económica, transferirase á sinatura do convenio, previa presentación no Departamento Municipal de Deportes dunha memoria e informe das competicións federativas e categorías inscritas ao longo da tempada 2017/2018 e, sen prexuízo da presentación da memoria deportiva e balance económico.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

a presentar a final de tempada, que en caso de non cumplir as estipulacións descritas neste convenio, xerará a devolución das contías aboadas polo Concello.

## SÉTIMA

Ambas partes amosan a súa conformidade ao contido dás cláusulas expostas neste documento, comprometéndose ao cumprimento de cantas obrigas se deriven ata o seu total cumprimento e finalización.

E para que así conste a tódolos efectos que legalmente procedan, e unha vez lido integralmente este documento, asinamos e ratificamos o aquí exposto, "

No expediente consta tamén o informe de fiscalización emitido o 4 de decembro de 2017 pola Interventora do Concello.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión extraordinaria do 14 de decembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as presentes (cinco concelleiros/as do grupo municipal do PP e tres do PSdeG-PSOE).

## DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que estaría ben que o concelleiro de deportes fixese unha explicación da proposta e explicáse por que se fai e para que.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que as axudas do Concello a clubes deportivos deberían ser constantes, mais lamentablemente non é así. Considera que esta subvención obedece ao "catastrazo" de hai un tempo, polo que o clube tería que pagar uns 5.000 €. Considera que é grave que o Concello non dea subvencións de libre concorrenza, e manifesta que van desaparecendo algunhas asociacións, e que non sabe se é premeditado. Indica que o convenio proposto só se refire á tempada 2017-2018, sen continuidade, e contén o que xa está a facer a UD Carballo, ao que se engade a "conserxería" do Campo dos Capelos. Manifesta que está de acordo con que se entreguen os cartos propostos ao clube, mais opina que as subvencións deberían ser abertas a todos e de xeito continuado.

O señor Orgeira Campelo (grupo municipal do PSdeG-PSOE), quen di que é o secretario do clube, manifesta que hai meses que fixeron unha proposta de convenio e que a directiva non estaba de acordo con todo, e amosa a súa sorpresa porque na proposta actual hai varias rectificacións, coma rebaixar o importe da subvención. Indica que lle gustaría que se tivese consensuado por ambas partes.


O señor Regueira Moar (concelleiro de Deportes) explica que se trata de formalizar algo que xa se está a facer, e de que o clube se faga responsable de utilizar as instalacións e, a cambio, se lles faga unha achega económica polas actividades que fai. Engade que queren facelo tamen con máis clubes.

O señor Bergondo Trillo pregunta se iso vai facerse ou se só é unha posibilidade, ao que o señor Regueira Moar resposto que aínda non llo pode confirmar, pois están pendentes reunións ao respecto.

O señor Orgeira Campelo engade que se chegou a este convenio despois da reclamación de diñeiro polo "efecto retroactivo" do IBI, e que antes non había axudas. Explica que na primeira proposta se falaba dunha renovación automática, que agora se ve anulada. Asemade, coida que se exige demasiada publicidade coa que non estaban de acordo, e que a axuda económica é de 5.000 € en lugar de 6.100, e manifesta que non sabe por que.

O señor Couto López indica que o seu grupo votará a favor da aprobación da proposta no Pleno, mais que a UD Carballo aprobará ou rexeitará a sinatura do convenio. Manifesta que exige que a





# Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

colaboración do Concello mellore con todas as entidades, para que non reciban só axudas da Deputación e da Xunta. Engade que a UD Carballo está a recibir máis colaboración da Deputación que do Concello e opina que, para que non sigan morrendo as asociacións, o Concello debería poñer máis diñeiro en subvencións de libre concorrenza.

O señor Alcalde replica que a UD Carballo quizais sexa o clube de máis solera do concello, fundado en 1942, e que ten moitos equipos, incluso femininos. Explica que o Concello lles axuda en todo o que piden, e que non se escatima, por exemplo, na iluminación ou nas melloras do campo municipal. Opina que o Concello lles debe dar o que considere que precisen, e non para que teñan o diñeiro nunha conta, e reitera que o Concello atende ás súas solicitude en todo o que pode, como en materia de transporte ou mantemento, do mesmo xeito que se fai con outros clubes (coma, por exemplo, Alquimia, un grande equipo do que están pendentes en relación ás viaxes, ou poñendo o pavillón á súa disposición, igual que en relación á ximnasia rítmica ou o tiro olímpico, que conta coa súa propia sala). Opina que a Asociación Mil e Pico está nun *impasse*, mais non por culpa do Concello, pois xa teñen unha sala na Casa da Xuventude que poden usar cando queirán, polo que, se desaparecesen, non se pode dicir que é polo Concello. Reitera que cre que se atende ás necesidades dos clubes e que, en relación á UD Carballo, a revisión catastral de hai dos anos quizais fose unhainxustiza por tratarse dunha instalación deportiva, mais o diñeiro do IBI que cobra a Deputación revirte no Concello que, á súa vez, lles devolvería á UD Carballo o diñeiro que lles custou, polo que xa non se podería falar de inxustiza. Asemade, indica que o convenio que se propón está máis que consensuado, e o señor Orgeira Campelo pregúntalle con quen, ao que o señor Alcalde lle resposta que coa directiva, representada polo seu Presidente.

## VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

A sinatura do convenio de colaboración coa entidade Unión Deportiva Carballo (que se xunta á esproposta) que será garante dos axiomas expostos anteriormente, e no que se recollen como principais liñas de actuación as seguintes:

- A promoción do deporte, en especial o deporte en idade escolar e do deporte feminino, con especial importancia na participación en competicións federadas.
- Organización de eventos/torneos de carácter local,
- Comprométese a velar por unha formación na especialidade deportiva, do persoal vinculado ao club con funcións de ensino e adestramento.
- Manter reunións co Concello para o estudio e mellora da situación do fútbol en xeral e a súa base no termo municipal.

## 3.-PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE PERSOAS COMPOÑENTES DA COMISIÓN PARA A DEMARCACIÓN, DESLINDE E AMOLLOAMENTO DO TERMO MUNICIPAL DE CARBALLO.


### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 11 de decembro de 2017, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO"

**ASUNTO:** Proposta de designación das persoas componentes da comisión para a demarcación, deslinde e amolloamento do termo municipal de Carballo.





# Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

Logo de ver que, como se indicou no informe previo á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM), emitido pola Secretaría Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia o 02 de outubro de 2015, "(...) Os límites do concello non coinciden cos grafados polo IGN, nomeadamente no límite con Cerceda, na urbanización Monte Xalo ; no límite con Cambre, na nave de Altamira (...)".

Logo de ver que, segundo se indica no informe emitido o 23 de febreiro de 2016 polo equipo redactor do PXOM de Carballo ( Estudio Técnico Gallego, S.A.), de cumprimentación do devandito informe da Xunta de Galicia, procede por tanto realizar un deslinde entre os termos municipais de Carballo, por unha banda, e os de Cerceda e Cambre, por outra.

Logo de ver que o artigo 42 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece o seguinte:

"**1.-Para a demarcación, o deslinde e o amolloamento dos termos municipais cada un dos concellos ós que afecte a liña divisoria nomeará unha comisión composta polo alcalde e tres concelleiros, os cales, co secretario da Corporación e co perito que designe cada Concello, verificarán a operación de que se trate.**

**2.-Unicamente asistirán ó acto, por cada municipio, ademais dos membros da citada comisión, dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuizo poidan xustifica-lo sitio no que estiveron os marcos ou sinais divisorios e maiores propietarios dos terreos afectados polo deslinde. ”.**

Logo de ver que, por acordo plenario do 28 de xullo de 2011, se designara ás persoas que formarían a comisión de deslinde cos concellos limítrofes, mais que, xa que variou a composición da Corporación polo cambio de mandato tras as eleccións locais de 2015, cómpre designar a novas persoas coma compoñentes da referida comisión para continuar cos traballos necesarios para tales deslinde.

En uso das atribucións que me conferen coma Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamiento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, que, previo o preceptivo ditame da Comisión Informativa correspondente, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 42 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adopte os seguintes **ACORDOS**:

**1.- Nomear coma compoñentes da comisión para a demarcación, o deslinde e o amolloamento do termo municipal de Carballo en relación aos de Cambre e Cerceda, ás seguintes persoas:**

-Alcalde: José Luis Fernández Mouraño

-Concelleiros:

Grupo municipal do PP: José Manuel Montes Martínez (en relación ao límite municipal co concello de Cambre), e Carlos Barbeito Rey (en relación ao límite municipal co concello de Cerceda).

Grupo municipal do PsdeG-PSOE: Pablo Couto López, señor voceiro do grupo.


Grupo municipal mixto (ACC/SON): César Manuel Bergondo Trillo.

**2.- Designar coma perito aos efectos de asesoramento técnico ao Concello de Carballo nas operacións de demarcación, deslinde e amolloamento do termo municipal, ao arquitecto Isidro López Yáñez, do equipo redactor do PXOM. En relación a tales actuacións, actuará coma secretario o da Corporación.**

**3.- Designar ás seguintes persoas que pola súa idade e acreditado xuizo poidan xustificar o sitio no que estiveron os marcos ou sinais divisorios do termo municipal de Carballo:**

-En relación ao Cambre: D. José Barbeito Gómez e D. Julio Santiago Ínsua Muíño.

-En relación a Cerceda: D. Olegario Castelos Martínez e D. José Gómez Rodríguez.





# Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

**4.- Dar traslado destes acordos ás persoas designadas e aos Concellos de Cambre e Cerceda."**

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión extraordinaria do 14 de decembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as presentes (cinco concelleiros/as do grupo municipal do PP e tres do PSdeG-PSOE).

## DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) clarexa en relación ao punto anterior que quen cobra o IBI é o Concello, e que a Deputación só o recada para el. En canto á proposta neste punto da orde do día, opina que xa ía sendo hora de facer o deslinde con Cambre e Cerceda, e engade que non sabe se tamén hai algúun problema con Culleredo, e que así se pode dar un paso adiante para o PXOM.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que lle fai grazas o que aconteceu no Pleno pasado polo uso polo señor Alcalde dun xiro lingüístico para levar todo ao seu horto. Reitera que a Deputación non cobra ningún imposto, pois non ten competencia niso, e pídelle ao señor Alcalde que non use a linguaxe dándolle voltas para cubrir fallos na súa xestión.

O señor Alcalde replica que dixo que a deputación recada e que os cartos revirten no Concello, quen os devolve á UD Carballo, e engade que sabemos de sobra quen cobra os impostos. No tocante ao deslinde, explica que, por suposto, para o PXOM deben estar deslindados os concellos, mais iso non quere dicir que non se poida aprobar o PXOM se non hai acordo ao respecto, pois se utilizarían os límites fixados polo Instituto Xeográfico nacional. Cría que lle daban as grazas por educación e polo rigor de propoñer que na comisión figuren representantes dos grupos do PSOE e mixto. Coida que lle deberían dar as grazas, mais que se pensan que é moito traballo, pídelle que llo digan.

O señor Bergondo Trillo replica que, igual que o señor Alcalde dixo quen cobra os impostos, el dixo que a proposta lle parece moi ben, mais que, se quere que use a palabra grazas, el dille grazas. Engade que a súa intervención non ía en contra del, e pídelle ao señor Alcalde "que se centre", pois "non sabe o que ten na cabeza hoxe". Reitera que el manifestou que a proposta lle parece ben, e que é un paso cara adiante.

O señor Couto López dá as grazas.

## VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:


**1.- Nomear coma compoñentes da comisión para a demarcación, o deslinde e o amolloamento do termo municipal de Carballo en relación aos de Cambre e Cerceda, ás seguintes persoas:**


-Alcalde: José Luis Fernández Mouraño

-. Concelleiros:

Grupo municipal do PP: José Manuel Montes Martínez (en relación ao límite municipal co concello de Cambre), e Carlos Barbeito Rey (en relación ao límite municipal co concello de Cerceda).

Grupo municipal do PsdeG-PSOE: Pablo Couto López, señor voceiro do grupo.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

Grupo municipal mixto (ACC/SON): César Manuel Bergondo Trillo.

**2.-** Designar coma perito aos efectos de asesoramento técnico ao Concello de Carballo nas operacións de demarcación, deslinde e amolloamento do termo municipal, ao arquitecto Isidro López Yáñez, do equipo redactor do PXOM. En relación a tales actuacións, actuará coma secretario o da Corporación.

**3.-** Designar ás seguintes persoas que pola súa idade e acreditado xuizo poidan xustificar o sitio no que estiveron os marcos ou sinais divisorios do termo municipal de Carballo:

- En relación ao Cambre: D. José Barbeito Gómez e D. Julio Santiago Ínsua Muíño.
- En relación a Cerceda: D. Olegario Castelos Martínez e D. José Gómez Rodríguez.

**4.-** Dar traslado destes acordos ás persoas designadas e aos Concellos de Cambre e Cerceda.

## 4.-PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2018", DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 11 de decembro de 2017, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO"

**Asunto:** Participación do Concello de Carballo no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 29 de setembro de 2017 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018", que foron publicadas no BOP nº 188, do 03 de outubro de 2017.

Logo de ver que, mediante unha circular do 03 de outubro de 2017 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 04 de outubro de 2017, nº 2.227), se comunicou ao Concello de Carballo que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 606.021,45 euros (Achega provincial 2017: 211.310,11 €; Achega provincial 2018: 207.323,13 €; Préstamo provincial 2018: 187.388,21 €).


Logo de ver que, mediante unha circular do 07 de novembro de 2017 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 04 de outubro de 2017, nº 2.227), se comunicou ao Concello de Carballo que existía un erro na circular anterior na transcripción dos importes da achega provincial 2017 e da achega provincial 2018, que figuraban invertidas, de xeito que as cantidades correctas asignadas ao Concello de Carballo son as seguintes: Achega provincial 2018: 211.310,11 €; Achega provincial 2017: 207.323,13 €; Préstamo provincial 2018: 187.388,21 €; Total: 606.021,45 euros

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS+ 2018, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a "Memoria do Plan (POS+ 2018)" (Anexo II) asinada polo señor Alcalde con data do 05 de decembro de 2017.

Logo de ver, en relación ao **POS+ PROVEDORES** o "informe coa relación de facturas pendentes de pago con





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

proveedores, de importe igual ou superior a 100,00 €, qupara as que se aplica financiamento provincial con cargo ao POS+2018" (**anexo III-b**), emitido pola Interventora do Concello con data do 04 de decembro de 2017 (por importe de 9.018,67 €).

Logo de ver, en relación ao **POS+ GASTOCORRENTE** o "informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2018" (**anexo IV**), emitido pola Interventora do Concello con data do 04 de decembro de 2017.

Logo de ver, en relación ao **POS+ OBRASSUM**, a documentación correspondente ás seguintes obras:

## 1).-ACHEGA PROVINCIAL 2018 .

"**Proxecto de espazo público en Carballo. Introdución de paradas de bus en torno á N-550**", subscrito, con data do 01 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 04 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal "... De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe técnico individual para o investimento indicado:

## AUTORIZACIÓN

O proxecto precisa autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento xa que as obras se van a realizar en zona de afección da estrada N550. A autorización se solicitou o día 27 de novembro de 2017 con número de rexistro de saída 1158

O proxecto precisa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, educación e ordenación universitaria xa que as obras se van a realizar en zona de afección do Monumento aos Mártires, que está catalogado nas NSMP. A autorización se solicitou o día 27 de novembro de 2017 con número de rexistro de saída 1157

O proxecto precisa autorización da Deputación de A Coruña xa que as obras se van a realizar en zona de afección da estrada DP1704 Cambre a Carballo. O Concello se puxo en contacto co servizo de Vías e obras da Deputación de A Coruña tal e como se sinala no artigo 5.B.3.2 das Bases reguladoras do Plan, e a autorización se solicitou o día 27 de novembro de 2017 con número de rexistro de saída 1156.

## SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

## FASES

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do TRLCSP.


## ESTUDO XEOTÉCNICO


Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

## OUTRAS QUESTIÓNS

O proxecto presentado, pretende redefinir o espazo público en torno ao monumento dos Mártires de Carballo para adecuar o trazado dos percorridos peonís ás boas condicións de accesibilidade e seguridade viaria, sobre todo nas paradas de bus existentes. A día de hoxe os percorridos do peón están entorpecidos pola falta de continuidade e a indefinición. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 5.B.3.1. É todo canto teño a ben informar.  
".

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a disponibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 11 de decembro de 2017 conjuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

## 2).-ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos financeiramente sostibles).

**"Proxecto de pavimentación e formación de beirarrúas"** (correspondente ás rúas Río da Melra, Alcalde Francisco Xavier Alvajar, Manuel Ferrol e Manuel Jesús Méndez Búa, en Paleo, Carballo), subscrito, con data de novembro de 2017 polo arquitecto técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiado 1.810 ).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 04 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal "... De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe técnico individual para o investimento indicado:

### AUTORIZACIÓN

O proxecto precisa autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento xa que as obras se van a realizar en zona de afección da estrada N550. A autorización se solicitou o día 4 de decembro de 2017 con número de rexistro de saída 1178.

### SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

### FASES

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do TRLCSP.

### ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

### OUTRAS CUESTIÓNS

O proxecto presentado, pretende a execución de beirarrúas en ambos lados da rúa Río da Melra, e nun lado da rúa Alcalde Francisco Javier Alvajar, así como a repavimentación das rúas Manuel Ferrol e Manuel Jesús Méndez Bua. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 5.B.3.1. É todo canto teño a ben informar.

".

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a disponibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 11 de decembro de 2017 convxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data do 04 de decembro de 2017, sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o "informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII), emitido en relación a este proxecto pola Interventora do Concello con data do 04 de decembro de 2017, coa seguinte "Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumple os requisitos para ser considerado financeiramente sostible".

## 3).-PLAN COMPLEMENTARIO 2018. Investimentos financeiramente sostibles (por un importe total mínimo do 20% da suma dos tres tipos deachega provincial asignada) .

**3.1.-“Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carballo-A Coruña)”,** subscrito, con data de decembro de 2017 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel Ángel Astray Fernández (colexiado 29.435 ).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 05 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal "... De acuerdo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe técnico individual para o investimento indicado:

### AUTORIZACIÓN

O proxecto precisa autorización de Augas de Galicia por realizarse obras na zona de polaía de río. A autorización se solicitou o día 5 de decembro de 2017 con rexistro de entrada 838/RX2990606 no portello único da Xunta de Galicia.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

## FASES

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do TRLCSP.

## ESTUDIO XEOTÉCNICO

É necesario o estudio xeotécnico. No proxecto figura no seu ANEXO 4 Estudo Geotécnico.

## OUTRAS CUESTIÓNS

O proxecto presentado, pretende a execución da ampliación da ponte sobre o río Brexa na estrada que une A Calle e O Penedo. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 5.B.3.1. É todo canto teño a ben informar.

" .

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 14 de febreiro de 2017 convxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data do 04 de decembro de 2017, sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o "informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII), emitido en relación a este proxecto pola Interventora do Concello con data do 04 de decembro de 2017, coa seguinte "Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumple os requisitos para ser considerado financeiramente sostible".

**3.2.-"Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral ",** subscrito, con data de decembro de 2017 por Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 05 de decemro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe técnico individual para o investimento indicado:

## AUTORIZACIÓNS

O proxecto non precisa autorizacións sectoriais.

## SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

## FASES

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do TRLCSP.

## ESTUDIO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudio xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.


## OUTRAS CUESTIÓNS

O proxecto presentado, pretende adecuar o solo do pavillón deportivo municipal O Espiño en Carral, mediante a colocación de un pavimento vinílico. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 5.B.3.1. É todo canto teño a ben informar.

" .

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 14 de febreiro de 2017 convxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data do 04 de decembro de 2017, sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o "informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII), emitido en relación a este proxecto pola Interventora do Concello con data do 04 de decembro de 2017, coa seguinte "Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible".

Á vista da devandita documentación e segundo a base 5º das que regulan o POS+ 2018, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

### A) Financiamento do pago a provedores:


	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €	9.018,67 €	9.018,67 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €	0 €	0 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0 €</b>	<b>9.018,67 €</b>	<b>9.018,67 €</b>


### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	129.123,03 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>129.123,03 €</b>

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de espazo público en Carballo. Introdución de paradas de bus en torno á N-550	82.187,08 €	0 €	82.187,08 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>82.187,08 €</b>	<b>0 €</b>	<b>82.187,08 €</b>





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de pavimentación e formación de beirarrúas (correspondente ás rúas Río da Melra, Alcalde Francisco Xavier Alvajar, Manuel Ferrol e Manuel Jesús Méndez Búa, en Paleo, Carral)	1532	198.304,46 €	0 €	198.304,46 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		198.304,46 €	0 €	198.304,46 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>		0 €	0 €	0 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

#### D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	0 €


#### E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:


Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
<b>Subtotal achega municipal 2018</b>	0 €

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación
Denominación	Grupo de programa
<b>Subtotal achega municipal 2017</b>	0 €

#### F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal reducción de débeda con entidades financeiras</b>		0 €





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

G ) Resumo:


SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	9.018,67 €		9.018,67 €
	Achega 2018	0 €		0 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	129.123,03 €		129.123,03 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	82.187,08 €	0 €	82.187,08 €
	Achega 2017	198.304,46 €	0 €	198.304,46 €
	Préstamo 2018	0 €	0 €	0 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0 €		0 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0 €		0 €
	Achega 2017	0 €		0 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0 €		0 €
TOTAL	Achega 2018	211.310,11 €	0 €	211.310,11 €
	Achega 2017	207.323,13 €	0 €	207.323,13 €
	Préstamo 2018	0 €	0 €	0 €
	TOTAL	418.633,24 €	0 €	418.633,24 €


2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescripcións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carballo-A Coruña)	1532	69.945,91 €
Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carballo	933	54.182,20 €
<b>TOTAIS</b>		<b>124.128,11 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (pois xa solicitou os correspondentes permisos sectoriais necesarios).

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.





# Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de novembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e con tres abstencións dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión.


## DEBATE

O Señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) pregunta ao señor Alcalde se non vai comentar que obras se propoñen, ou se vai ser "ao libre albedrío".

O señor Alcalde replica que non hai libre albedrío, e que houbo unha comisión informativa con dous días previos nos que tiveron a documentación á súa disposición, e outros dous días entre tal sesión e a do Pleno, e que entende que viron tal documentación.

O señor Bergondo Trillo explica que pide que o Alcalde ou un Concelleiro expliquen a proposta para o pobo, porque moitos non poden acudir polas horas nas que se convocan os Plenos. Engade que xa sabe que na comisión informativa falan e reciben clarexamentos dos técnicos, mais coida que debería haber aquí unha explicación do Alcalde para que os veciños saiban en que se vai gastar o POS. Pídelle que "volte centrarse nos temas que estamos a tratar". Explica que, segundo a proposta, gastarán cartos en facturas (e non di que sexa ilegal), e, entre outras cuestiós, tamén en pagamentos de salarios de funcionarios e nunhas cantas obras, en relación ás cales indica que non está en desacordo. Opina que o pavillón é un "armatoste mal deseñado", no que esqueceron as bancadas e houbo que poñelas, e coida que habría que amañar que é moi frío, e que non hai quen cambie os vestuarios. Considera que a obra proposta na ponte está moi ben, porque está moi abandoada, e pasa mal un coche por ela. No tocante á parada de bus, opina que tamén está moi ben que non paren os autobuses no Panteón, e que, aínda que ata agora non houbo un accidente, é moi perigoso, aínda que non sabe o que dirá Patrimonio e o perigo dos coches que veñen de Cambre. En relación á pavimentación e beirarrúas, indica que tamén está de acordo e que espera que sexan largas, coma no proxecto. Engade que, na súa opinión, as obras propostas están bastante ben e dá as grazas.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que, cando menos, o equipo de goberno debería explicar os proxectos, pois non hai xente no público, na súa opinión, porque a hora das sesiós está posta a propósito. Coida que a sesión podía transmitirse pola radio e por streaming, e lembra que o señor Bergondo non estivo na comisión informativa, como tampouco outros compañeiros. Reitera que, na súa opinión, sería bo explicar os asuntos, para que houbese unha mellor participación cidadá, aínda que lle crearía dores de cabeza. Manifesta que as obras do POS 2017 aínda están sen executar, e que son fundamentalmente aglomerado no rural, que non sabe se é moi necesario. En canto ás obras propostas para o POS 2018, opina que a obra de pavimentación de rúas é absolutamente necesaria, aínda que cun valor económico baixo, duns



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carballo.es](http://www.carballo.es) / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: [correo@carballo.es](mailto:correo@carballo.es)

60.000 €, así coma a obra da Ponte de Sergude, que é un perigo, pois a estrada está a minguar polos arrastres. Manifesta que o seu grupo se vai abstener porque hai unha contestación social moi forte ás obras, pois non sempre se fan con calidade nin dacordo cos respectivos trazados, e opina que non se fan de xeito planificado, senón a modo de parches puntuais sen saber onde se vai. En relación á más importante, a de pavimentación de rúas, indica que so se prevé actuar nas beirarrúas na Rúa da Merla, dende a Peugeot até Rosalía de Castro, con 90 centímetros de largo, e sen o trazado das normas subsidiarias nin do PXOM, polo que entende que haberá que rompelas o día de mañá. Engade que non se prevé o fresado do firme, polo que quedarán as beirarrúas más baixas, e haberá problemas coa auga que poida entrar nas casas. Engade que fundamentalmente se prevé aglomerado na rúa do Pincho, e pensa que a obra podería ser más ambiciosa, con beirarrúas na parte dereita de Méndez Búa, que non se recollen no proxecto. No tocante á obra do Panteón, manifesta que, segundo dixo o arquitecto, non conta co informe de Patrimonio, e indica que lle sorprende que se traia ao Pleno sen tal informe preceptivo e vinculante. Engade que non sabe se se cumplen as normas de xiros e outras. Considera que a actuación non é desacertada, mais está moi verde e sen planificación, na súa opinión. En relación á obra da ponte, opina que habería que facela ben, non cun largo de só 7 metros, pois, se se quixese ampliar a estrada, habería que ampliar tamén a ponte. Coida que o proxecto incumpe a normativa de accesibilidade, e que lle parece ridículo, coma se fose dos anos 40. Engade que, na súa opinión, hai unha necesidade absoluta de solo axeitado, mais que habería que abordala hai tempo, non un ano antes das eleccións. Opina que o equipo de goberno gastou todo en aglomerado, e que Canarga estará moi contenta con el, mais non sabe se tamén ao revés. Manifesta que o seu gasto en aglomerado nas parroquias foi duns 400.000 euros en en Carballo duns 200.000, mais pregúntase en que mellorou a fisonomía da vila, e qconsidera que non o fixo, polo que anuncia a abstención do seu grupo.

O señor Alcalde dá as grazas por entender que as obras son necesarias e explica que existe participación cidadá, porque falan das obras cos veciños mais sen assembleas e, na súa opinión, por iso acertan coas obras que se van facendo.


## VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros do grupo municipal do PP, e con cinco abstencions (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e do señor concelleiro do grupo municipal mixto), adoptando os seguintes acordos:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

### A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €	9.018,67 €	9.018,67 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €	0 €	0 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0 €</b>	<b>9.018,67 €</b>	<b>9.018,67 €</b>





# Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## B ) Financiamento de gastos correntes:

		Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018		129.123,03 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>		129.123,03 €

## C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de espazo público en Carral. Introdución de paradas de bus en torno á N-550	82.187,08 €	0 €	82.187,08 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	82.187,08 €	0 €	82.187,08 €


ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")	Financiamento do investimento			
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de pavimentación e formación de beirarrúas (correspondente ás rúas Río da Melra, Alcalde Francisco Xavier Alvajar, Manuel Ferrol e Manuel Jesús Méndez Búa, en Paleo, Carral)	1532	198.304,46 €	0 €	198.304,46 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		198.304,46 €	0 €	198.304,46 €


PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>	0 €	0 €	0 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

## D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	0 €





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
Subtotal achega municipal 2018	0 €


Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación
Denominación	Grupo de programa
Subtotal achega municipal 2017	0 €


## F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Subtotal reducción de débeda con entidades financeiras		0 €

## G ) Resumo:

SUBTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEORES	Achega 2017	9.018,67 €		9.018,67 €
	Achega 2018	0 €		0 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	129.123,03 €		129.123,03 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	82.187,08 €	0 €	82.187,08 €
	Achega 2017	198.304,46 €	0 €	198.304,46 €
	Préstamo 2018	0 €	0 €	0 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0 €		0 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0 €		0 €
	Achega 2017	0 €		0 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0 €		0 €





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2018</b>	211.310,11 €	0 €	211.310,11 €
	<b>Achega 2017</b>	207.323,13 €	0 €	207.323,13 €
	<b>Préstamo 2018</b>	0 €	0 €	0 €
	<b>TOTAL</b>	418.633,24 €	0 €	418.633,24 €

**2.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostenibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescripcións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos "financeiramente sostenibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Orzamento</b>
Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)	1532	69.945,91 €
Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral	933	54.182,20 €
<b>TOTAIS</b>		124.128,11 €

**3.-** Declarar que o concello ten a disponibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (pois xa solicitou os correspondentes permisos sectoriais necesarios).


**4.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.


**5.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**6.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

**7.-** Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**8.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.






# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


Ás 12 horas e 42 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de vinte e tres páxinas numeradas do un ao vinte e tres , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE



José Luis Fernández Mouriño

O SECRETARIO DO CONCELLO



Diego García Dóval

